

IES FIN DO  
CAMIÑO



# PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN CURSO 2021-22

DEPARTAMENTO  
DE ORIENTACIÓN

## CONTENIDO

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....	7
3. OBXECTIVOS DO POE.....	15
4. PLANIFICACIÓN XERAL .....	20
• 4.1.PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	
• 4.2. PLAN ANUAL DE ACCIÓN TUTORIAL.	
• 4.3. PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL	
• 4.4. COLABORACIÓN AO CENTRO NO DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN, INVESTIGACIÓN E FORMACIÓN	
5 .ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS.....	36
6. RECURSOS.....	37
7. TEMPORALIZACIÓN .....	38
8. AVALIACIÓN.....	38
CRITERIOS DE AVALIACIÓN:.....	39
9. PROPOSTAS DE MELLORA CONTINUA DA CALIDADE.....	40
ANEXO I E II. PROGRAMACIÓN AULA DE PT E PLAN DE CONTINXENCIA.....	40
ANEXO III. PROGRAMA PARA ALUMNADO CON CONDUCTAS DISRUPTIVAS.....	48
ANEXO IV PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS PARA O ALUMNADO PRIVADO TEMPORALMENTE DO DEREITO DE ASISTENCIA .....	54

## 1. INTRODUCCIÓN

A acción orientadora debe estar planificada e concretada no Plan de Orientación, que forma parte do proxecto educativo (PE), e partindo deste concrétase o Plan Anual do Departamento de Orientación.

A programación anual do departamento de orientación ten por obxecto coordinar a resposta ás necesidades de orientación educativa e profesional da comunidade educativa. O POE debe tomar como referente e mostrar coherencia co proxecto educativo e, por ende, especialmente co plan de acción tutorial (PAT), o plan de orientación académica e profesional (POAP), e o plan de atención á diversidade (PAD), todos estes revisados e aprobados no curso pasado.

### 1.1 XUSTIFICACIÓN LEGAL

---

O Plan de Orientación Educativa asenta a súa xustificación legal nas principais leis orgánicas do ámbito da educación, dende a herdanza da *Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo e a Lei Orgánica 2/2006*, do 3 de Maio, da educación, no seu artigo 1º dos principios e fins da educación, considera á orientación educativa e profesional como medio para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos destrezas e valores.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) non modifica o artigo 1.f sobre a orientación educativa como un principio da educación, nin o artigo 91 e o 102 antes citado. Ademais, no artigo 57.2 sinala que “corresponde a las Administraciones educativas asegurar los recursos necesarios para que los alumnos y alumnas que requieran una atención educativa diferente a la ordinaria, por presentar necesidades educativas especiales, por dificultades específicas de aprendizaje, TDAH, por súas altas capacidades intelectuais, por haberse incorporado tarde ao sistema educativo, o por condiciones persoais o de historia escolar, poidan alcanzar el máximo desarrollo posible de súas capacidades persoais y, en todo

caso, los obxectivos establecidos con carácter xeral para todo el alumnado.” Así tamén, a titoría e a orientación educativa e profesional ten unha especial consideración na FP básica.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na elaboración do POE teranse especialmente en consideración as prescricións establecidas no Decreto 120/98 que regula a orientación educativa e profesional na CCAA de Galicia, e a Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve, así como as Circulares aínda vixentes e que establecen as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario.

Por outra banda, seguiuuse atentamente á hora de deseñar este plan o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade e tamén a Lei 4/2011 de Convivencia e participación da comunidade educativa, así como o Decreto 8/2015 que desenvolve dita lei; así como a resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 1.2 XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA ORIENTACIÓN EDUCATIVA

---

Dende os principios da Reforma Educativa, alúdese á necesidade de adecuar o currículo da etapa ás características do alumnado e do seu contorno sociocultural, así como configurar unha educación básica ata os 16 anos comprensiva á vez que diversificada, e terminal á vez que propedéutica, razóns que xustifican e fan imprescindible un sistema de orientación integrado no proceso de ensino-aprendizaxe, que propicie o desenvolvemento persoal dos alumnos/as e os capacite para tomar decisións sobre o seu futuro académico e profesional.

Deste xeito, e entroncando cos principios teóricos que deben guiar a orientación educativa, a educación asume a misión de posibilitar que todos e cada un dos cidadáns desenvolvan na escola o máximo das súas potencialidades e elabore un proxecto de vida persoal que poida transcender, se é o caso, condicionantes de partida desfavorables dentro do principio de equidade.

A lexislación vixente entende á figura do orientador como un asesor técnico da comunidade educativa e un coordinador de programas que dean resposta ás necesidades educativas dos alumnos, pais e profesores.

Desta normativa derívase a perspectiva sistémica e interactiva da orientación. Polo que é preciso que o núcleo da nosa intervención sexa a institución escolar como globalidade, cunha dobre finalidade de contextualizar a labor de asesoramento e establecer un traballo colaborativo entre D.O e profesorado, e entre os membros da propia comunidade educativa, ademais de entender a orientación non unicamente como axuda externa puntual aportada polo experto senón como actuacións que se desenvolvan dentro da actividade educativa e insertas no contexto económico e sociocultural no que se desenvolve o individuo. (Decreto 120/98)

Así pois, os departamentos de orientación han de constituír dentro de cada centro o garante de que a orientación forma parte esencial da actividade educativa e de que se establece unha vía de asesoramento permanente ó alumnado, ó profesorado e ás familias mediante un plan de actuación común entre os diferentes profesionais. A función titorial do profesorado debe verse apoiada por un especialista da orientación que, mediante estratexias de colaboración, facilite a mediación entre os intereses e demandas do alumnado e as ofertas socioeconómicas e profesionais da comunidade. Esta colaboración entre o profesional da orientación e os docentes será a que permitirá o desenvolvemento dun alumnado que teña unha imaxe completa e adecuada de si mesmo e das súas posibilidades no mundo laboral.

Deste xeito complétase a estrutura organizativa do sistema de orientación nos tres niveis establecidos: acción titorial, departamento de orientación e equipos de orientación específicos.

Por outra parte, tamén debemos destacar que a teoría educativa permite fundamentar a orientación educativa nunha serie de principios, que recollemos de autores como Rodríguez Espinar (1986), Lázaro e Asensi (1987) ou Bisquerra (1990), e que son os seguintes:

Planificación: a orientación educativa debe obedecer a un proceso global, continuo no tempo, seguindo o modelo da actuación por programas, que recolla a avaliación de necesidades, o deseño, implementación e avaliación de cada programa.

Prevención: as actuacións deben estar orientadas á prevención de problemas ou dificultades de aprendizaxe, detectando situacións de risco, principalmente no contorno sociocultural e no propio contexto educativo, e sen esperar a que un problema se manifeste para poder actuar sobre el.

Curricularidade: Integración curricular dos programas de orientación nas distintas áreas e materias, sendo necesaria a colaboración do profesorado.

Sistematicidade: perspectiva sistémica na intervención educativa, que supón ampliar o enfoque clínico, centrado no problema concreto dun determinado alumno, ata un enfoque que considera a situación problemática como resultante da interacción entre aspectos socioculturais do contorno e as características persoais do propio alumno, así como da calidade do contexto educativo e das experiencias de ensino-aprendizaxe.

Cooperación: necesidade de que tódolos axentes da comunidade educativa se impliquen nas diversas accións.

Desenvolvemento persoal: o obxectivo último da orientación debe ser o desenvolvemento integral do alumno, en tódalas súas dimensións.

Intervención Social: Conforme coa perspectiva sistémica, as actuacións deben abranguer ó medio social.

Ademais dos citados principios referidos á orientación educativa, con carácter xeral deben terse en conta outra serie de elementos derivados da teoría e a práctica educativa, tal como son:

a) As teorías da aprendizaxe: merecen especial consideración as teorías cognitivistas e aquelas que destacan o papel da interactividade. Segundo as súas premisas o coñecemento é construído polo propio alumno a partir da súa propia actividade e na interacción cos demais axentes educativos. A aprendizaxe será significativa cando o alumno parta dos seus coñecementos previos e poida establecer relacións entre estes e os novos coñecementos. A metodoloxía, debe suxeitarse ás actuacións que concorden cos principios reforzando especialmente as dinámicas de grupo e o traballo en grupo.

b) As características do desenvolvemento dos alumnos en función da etapa evolutiva na que se atopan.

c) Os temas transversais deben estar presentes de forma destacada nas accións orientadoras, mediante o fomento da educación en valores, a aprendizaxe dos principios democráticos de convivencia, etc.

d) A orientación debe contemplar medidas de innovación e experimentación educativa.

e) A avaliación educativa debe estar sempre presente como instrumento de control e orientada á mellora das accións emprendidas. Teranse en conta os criterios, momentos e instrumentos establecidos.

## 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### 2. 2 CARACTERÍSTICAS DO IES

#### ANALISE DO FEITO NO CURSO 20-21

- Respecto das demandas de avaliación psicopedagóxica recibidas no curso 2020-21

Autor/a da demanda	Nº demandas recibidas	Nº demandas atendidas	Nº informes elaborados
Servizos Sociais)	2	2	2
Profesorado de materia	6	5	5
Familia	1	1	1

Tamén se solicitou, por parte da familia, un informe sobre Protocolo de Identidade Sexual dun exalumno aberto no curso 18-19, que non costa contiliza no DRDOrienta.

Non foi atendida unha demanda de avaliación psicopedagóxica dun alumno, que quedará pendente para este curso

- Respecto das intervencións de seguimento e/ou actualización realizadas no curso 2020-21 en relación con avaliacións psicopedagóxicas anteriores:

Ensinanza		Nº informes elaborados
Educación secundaria obrigatoria	1º curso	0
	2º curso	4
	3º curso	2
	4º curso	1

- Respecto da totalidade do alumnado do centro identificado e/ou valorado polos servizos de orientación:

Valoración (Art. 71 e 73 LOE e Art. único.57 LOMCE)		Nº	Nº apoio PT	Nº apoio AL	Nº apoio combinado AL e PT	Nº outros apoios	Nº sen apoio
Necesidades educativas especiais	Discapacidade	3	2			1	
	Trastornos graves conduta						
Dificultades específicas de aprendizaxe		7	4			2	1
Trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade		4	2			1	1
Altas capacidades intelectuais		1				1	
Incorporación tardía ao sistema educativo		1					1
Vulnerabilidade socio-educativa		1	1				
Trastorno da Comunicación ( Asperger)		1				1	

- Respecto da totalidade do alumnado con adaptación curricular-autorizada pola inspección educativa:

Escolarización curso 2019-20	Nº alumnado con A.C.
1º de educación secundaria obrigatoria	
2º de educación secundaria obrigatoria	3



3º de educación secundaria obrigatoria	5
--	---

- Respecto a petición de EOE Unha petición de asesoramento do EOE por apertura de dous protocolos de acoso escolar e dous expedientes ( 1 de xuño)
- Respecto das medidas de apoio educativo:
  - Apoio Combinado dentro e fóra da aula ordinaria 3 en 1º eso,4 en 2º da ESO, 2 en 3º da ESO e 1 en 4º da ESO
  - Non houbo ningún caso de apoio exclusivo fóra da aula ordinaria:
- Respecto a atención de protocolos da xunta:
  - Alumnado con trastorno do espectro autista : 1 alumno en 3º eso
  - Alumnado de altas capacidades intelectuais: 1 alumna en 2º da ESO
  - Alumnado con discapacidade auditiva : 1 alumno en 3º da ESO
  - Alumnado con discapacidade intelectual: 1 en 3º da ESO e unha en 4º ESO
  - Alumnado con T de atención ou TDAH: 3 alumnos con trastorno de atención en 2º da ESO e 1 alumno con TDH en 4º da ESO.
  - Alumnado con diabetes: 1 alumno en 4º da ESO
  - Protocolo de identidade de xénero: 1 alumno en 4º ESO.
- Respecto doutras medidas de atención educativa do curso 20-21

Etapa	Medida	Nº G	Nº A
Educación secundaria obrigatoria (Dto. 133/2007 e Circular 8/2009 da Dirección XEFPIE)	Desdoblamento de grupo	2	14
	Programa de reforzo	2	10
	Aula de atención educativa e convivencia	4	8

- Respecto da colaboración no informe titorial do alumnado de 1º e/ou 2º ESO exento de cursar a materia común da 2ª lingua estranxeira no curso 2020-21

Informes titoriais	Nº de colaboracións
Titores de 6º EP	4
Titores ou titoras de 1º e 2º de ESO	2(repetidores de 1º da ESO) 4 (2º da ESO)

No campo da atención á diversidade, compre o compromiso do centro para levar a cabo o acordado no Plan Xeral de Atención á Diversidade, especialmente as reunións periódicas entre mestre de PT, profesorado dos programas de reforzo e titores/as.

---

#### SITUACIÓN DE PARTIDA DO CURSO ACTUAL

Este curso contarase con 1 grupo de 1º de ESO, no que destaca alumnado repetidor( 3) e tres alumnos /as de nova incorporación con dificultades nas áreas básicas, un de eles con dificultades asociado a un trastorno de déficit de atención con hiperactividade Destaca un grupo de 3 alumnos con exención da segunda lingua, dous repetidores que xa contaban con esta medida de atención a diversidade no curso pasado e unha alumna de nova incorporación que así o indica no informe do departamento. Despois de analizar a información do alumnado de 6º de primaria e previa reunión con xefatura de estudos queda pendente un alumno que no informe final de etapa indica que de adoptar a medida de exención será despois da avaliación inicial, que terá lugar na segunda quincena de outubro.

Importante destacar que existe 3 alumnos con NEAE asociadas a dificultades de aprendizaxe de nova incorporación que xa repetidaron en primaria e dous alumnos con neae que son repetidores de 1º da ESO.

En 2º da ESO contarase con 1 grupos nos que existen 3 alumnos e alumnas que promocionaron por imperativo legal, dos que un alumno presenta dificultades de aprendizaxe e grave risco de abandono escolar. Tamén compre destacar alumnado repetidor de 2º, dous alumnos teñen ACS en Matemáticas e precisan apoio nas Lingua Castelá, Lingua Galega e moito alumnado con dificultades nas linguas e matemáticas. Debido a estas dificultades, analizando s conclusións das CCP do curso pasado e os acordos establecidos nas reunións de avaliación de xuño e setembro, así como nas reunións mantidas cos departamentos de LG;LC e matemáticas coordinadas por xefatura de estudos decídese facer agrupamentos en LC;LG e matemáticas.

Destacan catro alumnos e alumnas con exención de francés e o alumnado repetidor levará asociado un programa de recuperación.

Tanto en 1º e 2º se establecerá o apoio de PT dentro da aula en principio, e de non ser suficiente, se tomará a decisión de facelo fora da aula nos casos de alumnado con informe psicopedagóxico e non superando da terceira parte dos períodos lectivos semanais.

En 3 da ESO destaca un alumno con multideficiencia ( discapacidade cognitiva e TDAH) con AC e apoio de PT. Ademais destacan alumnado con NEAE , dous de eles con trastorno de atención. Tamén destaca unha alumna con Altas capacidades. E cinco alumnos repetidores e un alumno PIL. Neste grupo contase con un grupo de matemáticas aplicadas e outro de académicas, sendo o de aplicadas onde está o alumnado que no curso pasado estaba en agrupamento.

Polo que respecta a 4º da ESO Destacar que entre eles se atopa un alumno cunha minusvalía dun 42% derivada de discapacidade auditiva. Neste grupo non haberá apoio do PT. Compre destacar que hai unha alumna repetidora, unha alumna PIL e un alumno que o curso pasado estivo no programa AVA e polo tanto non asistiu ao centro.

O centro conta con recursos e oportunidades para atender ó alumnado con NEAE. Dende o curso escolar 2012-13 participamos no Contrato -Programa. Este curso participaremos nas liñas do CP Inclúe de IGUAL-T,EDUEMOCION-T e no CP Innova Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia e EDUSaúde. Tamén, temos implantados unha aula de convivencia, un plan de igualdade e a arterial de Intelixencia Emocional en 2º da ESO, ademais intentarase retomar un equipo de alumnado axudante seguindo unha metodoloxía de aprendizaxe e servizo, co obxecto de mellorar a convivencia. Dende a biblioteca escolar, do Club de lectura e do Club de ciencia ofrécense oportunidades de mellora e fomento do hábito lector e de fomento do coñecemento científico e o programa E-DIXGAL, presente en todos os grupos, proporciona os recursos necesarios para a implantación das Tics na aula ordinaria, unha metodoloxía que axuda ó alumnado con NEAE.

Porén, detectamos, xa nos primeiros cursos da ESO un grupo de alumnado cunha actitude pasiva e falta de hábito de traballo, que non aproveitan o reforzo educativo ou ben non son propostos para recibilo ó entenderse un abandono intencionado das materias ou falta de motivación, pero non de capacidades. Tamén, hai baixo interese xeral do alumnado nas probas para a recuperación das materias pendentes.

O profesorado, atopa falta de tempo ou de recursos para atender ao alumnado con dificultades nunha aula ordinaria numerosa na que existen diferentes niveis de aprendizaxe á vez. Tamén, non resulta doado ensina e avaliar por competencias e seguir á vez os criterios de avaliación marcados na lexislación.

No centro existen estruturas organizativas que faciliten a coordinación entre o mestre de Pedagogía Terapéutica (PT), o profesorado das áreas instrumentais e aqueles encargados de dar os programas de recuperación e reforzo (exención de francés)

A coordinación cos centros de primaria adscritos realizase dende maio, ao final do curso, co obxecto de recoller información do alumnado que se incorpora ó 1ºESO, polo que se tarda en detectar e propor solución ó alumnado con NEAE. Este ano, no caso de que siga a situación actual as reunións faranse de xeito telemáticos a través de CISCO WEB ou MEET, como xa se fixeron no curso pasado.

Algunhas familias atopan falta de tempo e de recursos para facer un seguimento continuo das tarefas escolares dos seus fillos, e adoitan ter baixas expectativas respecto do futuro académico e profesional dos seus fillos.

Tamén, atopamos poucos recursos educativos na contorna: biblioteca municipal, actividades extraescolares de carácter educativo, oferta cultural, etc.

A contorna conta con organizacións que poden axudar ó centro, como os servizos sociais e sanitarios do concello ou o centro de Aspadex. É posible, tamén, a coordinación externa cos servizos de psicoloxía infanto-xuvenil da Coruña ou o Equipo de Orientación Específico da Coruña.

No tocante á convivencia escolar, non é posible avaliar o impacto que as medidas implantadas nos últimos cursos (mediación escolar, o alumnado axudante, xuntanzas con centros educativos, escolar de nais e pais, aula de convivencia, formación do profesorado, manuais, etc.) produciron na convivencia do noso centro, pois variou a distribución dos grupos, o profesorado, o alumnado e as súas familias, mais é sinxelo apuntar, atendendo a unha

primeira revisión dos partes de conducta, dos expedientes disciplinarios e á observación participante, que a conflitividade descendeu nestes últimos anos.

Porén, os proxectos mencionados levaron á implantación dunha serie de medidas que agora é preciso manter, revisar ou adaptar a unha situación xa diferente en canto a conflitividade, recursos humanos cos que se conta ou a implicación dos axentes que interviñeron. Faise necesario definir unha serie de obxectivos realistas e precisos que permitan a mellora continua na construción da convivencia escolar.

---

### *2.3 Centros Adscritos*

Os centros adscritos son o CEIP Mar de Fóra, con xefatura de departamento de orientación e o CEIP Areouta, un pequeno centro atendido polo orientador/a do CEIP Mar de Fóra e ubicado no pobo de Sardiñeiro.

### **2.4. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

Forman parte do departamento de orientación no curso 2020-21 do IES:

A xefa do departamento : M<sup>a</sup> Isabel Ulla Cela

O mestre de pedagogía terapéutica, Romero Lago Pedro que exerce a función de apoio e atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo do IES, e este ano encargárase da docencia no agrupamento de matemáticas en 2º da ESO, xa que é alumnado que presenta NEAE e precisan apoio de PT e se benefician da docencia en grupo pequeno.

Os titores/as do ámbito lingüístico e científico que a xefatura de estudos adscriba a este departamento; neste curso serán Mercedes Rodríguez Rodríguez( 1º ESO) e De la Rosa Pascual Cristina titoras de 1º ESO e 3º da ESO así como coordinadora da convivencia, respectivamente.

Tamén pertencerá ao departamento a orientadora do CEIP Mar de Fóra, mantendo reunión periódicas vía telefónica, maioritariamente debido a situación de pandemia.

#### FUNCIONAMENTO INTERNO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

- Os membros do departamento reuniranse como mínimo unha vez ao mes, computándose dentro das 7 horas complementarias non fixas (*Orde do 4 de xuño do 2012*);
- Reunión semanal cos titores de ESO, onde asistirá un membro do equipo directivo e a orientadora

## 2.5 AVALIACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS

---

Son necesidades percibidas:

1. O asesoramento ao centro na mellora da convivencia educativa e na formación en metodoloxías baseadas en aprendizaxe e servizo.
2. A mellora dos resultados académicos do alumnado, especialmente con dificultades de aprendizaxe, e o progreso deste a través dos cursos da ESO.

3. A diminución do abandono temperán dos estudos do alumnado con NEAE.
4. A identificación temperá de necesidades educativas específicas do alumnado novo no centro e a posta en marcha das MAD necesarias con prontitude.
5. A procura de recursos ao profesorado á hora de organizar a clase ordinaria para atender á diversidade dende unha perspectiva inclusiva. Tamén é necesario traballar para que non se perciba o reforzo como un xeito de “baixar o nivel”, para o fomento do traballo por competencias básicas e por proxectos, co obxecto de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ao conxunto de capacidades, intereses e motivacións do alumnado.
6. O establecemento de criterios para a implantación das MAD organizativas e para solicitar axuda ó especialista de PT. Tamén, a potenciación do apoio dentro da aula por parte do especialista de PT.
7. A mellora na coordinación entre os profesionais que prestan servizos de reforzo educativo, os servizos de orientación e o profesorado da aula ordinaria, principalmente das materias instrumentais.
8. O asesoramento das familias e a súa procura dunha relación de colaboración na educación dos seus fillos.
9. A comunicación e tránsito de primaria a secundaria
10. Ter previsto o desenvolvemento das diferentes actuacións do departamento para unha posible transición ao ensino non presencial con respecto ao PAT, POAP e o Plan Anual de atención á diversidade, tendo en conta a alumnado, profesorado e familias.

### 3. OBXECTIVOS DO POE

#### 3.1 OBXECTIVOS XERAIS

---

Os obxectivos a lograr a través do POE vincúlanse coas funcións a desenvolver polo departamento de orientación, aparecen recollidas no Decreto 120/1998 e na Orde do 24 de xullo de 1998 e recollidos no POE xeral do centro.

## 3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACCIÓNS PRIORITARIAS PARA O CURSO 2020-21

---

### RESPECTO DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Atendendo á memoria do curso 2020-21, sinálanse como obxectivos específicos deste curso 2021-22 os seguintes:

- Impulsar o cumprimento do Plan de atención á Diversidade, adecuando a nova orde 8 de setembro do 2021, que desenvolve do decreto 229/2011( non publicada en DOGA aínda) especialmente no relacionado coa mellora da coordinación entre a profesor de PT e , o profesorado que imparte os programas de reforzo, os agrupamentos, e o profesorado ordinario das materias instrumentais. Reforzando este apartado de cara a unha situación de ensino non presencial e fomentando a continuación da coordinación en casos de alumnado que estea en situación de confinamento xa sexa por positivo en coronavirus ou por estar en contacto con persoas con dita enfermidade; tamén de especial relevancia serán os casos de alumnado que por prescripción médica non poida acceder ao ensino presencial.
- Mellorar o asesoramento nas xuntas de avaliación, promovendo a reflexión sobre solucións metodolóxicas e prácticas.
- Renovar o asesoramento aos departamentos didácticos respecto das medidas de atención á diversidade, especialmente dos programas específicos personalizados. Así como na elaboración das programacións didácticas e medidas de atención á diversidade
- Fomentar que o profesorado elabore plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020-21
- Apoiar aos alumnos/as con NEE, no desenvolvemento do seu proceso de ensino-aprendizaxe no ámbito da Pedagogía Terapéutica, previa valoración e proposta de Orientación, tanto en situación de presencialidade como en non presencialidade.
- Apoiar ao alumnado con NEAE ( dentro e/ou fora da aula) previa valoración e proposta de Orientación:
  - retraso xeralizado na aprendizaxe.: AC



- recuperación de aprendizaxes do currículo : RE
- agrupamento flexible
- Colaborar na elaboración e desenvolvemento dos documentos de AC e RE así como de materiais específicos necesarios, para o traballo dos alumnado de NEAE permanentes e non permanentes tendo en conta que segundo a situación sanitaria actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

#### RESPECTO DA COLABORACIÓN Ó CENTRO NO DESENVOLVEMENTO DE PROXECTO DE INNOVACIÓN, INVESTIGACIÓN E FORMACIÓN:

1. Impulsar novos programas de aprendizaxe e servizo e conservar os do curso pasado.
2. Ofrecer maior protagonismo ao alumnado na resolución dos seus conflitos, formando novo alumnado mediador e axudante e coordinando estes servizos.
3. Impartir a material de educación emocional no 2º ESO e introducir os contidos referentes a igualdade e prevención da violencia no noivado e ferramentas de xestión emocional para a situación de alerta sanitaria na que se atopan. É importante ampliar esta temática a todo o alumnado a través da *LIÑA EDUEMOCIONA* e seguir co desenvolvemento dun programa de apoio socioemocional por COVID-19 a todo o alumnado a través das titorías.
4. Impulsar o desenvolvemento da recente COMISIÓN DE IGUALDADE, creada no curso 19-20, pero que é importante reactivar a través da *LIÑA IGUAL-T* dentro CP Incluíe
5. Participar na revisión e o funcionamento da aula de convivencia como ferramenta de xestión coordinada dos conflitos, para adaptala a nova situación derivada do COVID-19
6. Fomentar o apoio emocional ás familias ante as novas necesidades que poidan derivarse da situación actual de pandemia,
7. Mellorar a formación do profesorado para a xestión das emocións na aula e na resolución pacífica de conflitos; asa como a formación en estratexias de apoio emocional ao alumnado
8. Axudar a simplificar as normas de organización e funcionamento sobre todo as derivadas do plan de adaptación a situación de Covid-19 para o presente curso.
9. Fomentar no departamento a formación e utilización de plataformas telemáticas a

través da participación en actividades organizadas polo CFR ( *E-DIXGAL avanzado; e Aproveitamento didáctico das ferramentas institucionais para o ensino mixto* ), seguindo as medidas recollidas no plan de continxencia do centro para adaptación as situacións de ensino presencial, semipresencial o a distancia, tendo en conta os diferentes escenarios en funcio da situación sanitaria.

#### RESPECTO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

Atendendo á memoria do curso 2020-21, sinálanse como obxectivos específicos deste curso 2021-22 os seguintes:

- Seguindo o Plan de adaptacións COVID do centro e o Plan de Acollida par ao curso 21-22 será importante desenvolver as actividades establecidas no PAT, sobre todo aquelas que teñen que ver con actuacións sobre aspectos emocionais e sociais do alumnado.
- A nivel específico e seguindo o establecido no PAT durante as primeiras semanas de setembro, realizarase co alumnado de cada curso unha serie de actividades de acollida que fomenten as súas cualidades individuais e interpersoais, fortalecendo a súa autoestima e a solidez do grupo ao que pertencen, para axudar aos rapaces/zas a afrontar os cambios sociais precipitados pola aparición e as consecuencias da COVID
- Ademais se traballaran actividades de acollida e cohesión para todos os grupos da ESO traballando a autoestima, a importancia do grupo, a comunicación e a expresión d e emocións en tempos de pandemia.
- Tamén será importante establecer un decálogo das expectativas non cumpridas
- Ofrecer un asesoramento estruturado nas reunións de titores e titoras e fomentar a adaptación de estas reunións segundo a situación sanitaria que se nos presente ao longo do curso, establecendo vía telemática ditas reunión sempre que sexa necesario.
- Mellorar a coordinación cos servizos sociais de Fisterra, especialmente no tocante ao protocolo de absentismo e ao seguimento e posta en práctica de medidas de protección

social do alumnado con historia familiar desfavorecida e situacións específicas derivadas do COVID\_19

#### RESPECTO DO PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL:

Atendendo á memoria do curso 2020-21, sinálanse como obxectivos estratéxicos deste curso 2021-22 os seguintes:

- Contemplan a adaptación do POAP a situación sanitaria en cada momento fomentando actuacións nos tres escenarios posibles a través de plataformas telemáticas
- Mellorar o asesoramento vocacional dende os primeiros cursos.
- Favorecer a madurez vocacional do alumnado e capacitálo para a toma de decisións.
- Optimizar o coñecemento do alumnado sistema educativo e laboral.
- Favorecer o seu autoconhecimento, o coñecemento do mundo das profesións e das diferentes opcións tanto académicas como profesionais de cara a acadar a súa propia autoorientación.
- Orientar o alumnado tanto colectiva como individualmente e deseñar un programa que permita experimentar ó alumnado, en especial ós de 4ºda ESO, un proceso sistemático e ordenado de resolución de problemas que potencie a madurez vocacional na TD acerca de itinerarios académicos e profesionais.
- Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento, tendo en conta as accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial no campo da orientación profesional

- Asesorar ás familias sobre a orientación vocacional dos seus fillos propiciando o coñecemento do papel da familia en tómaa de decisións vocacionais.
- Fomentar a integración curricular da orientación académico- profesional.
- Capacitar ao profesorado no seu asesoramento educativo e vocacional ao alumnado
- Elaborar novas guías de orientación de optativas, FP básica, fp dual e crear un punto de información no centro onde se expoñan todas as novas respecto a esta temática
- Elaborar documentos de orientación vocacional e profesional, e manter este apartado actualizado, dinamizando o uso por parte do alumnado e das familias. Fomentar o uso de Internet para a autoorientación académica.

## 4. PLANIFICACIÓN XERAL

### 4.1. PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O CURSO 21-22

#### 4.1.1. PLAN ANUAL XERAL

Con carácter xeral, respéctanse como liñas prioritarias as accións prioritarias definidas pola circular anual, e no Plan de Atención á diversidade do centro. Con carácter xeral, e de acordo coa Circular 10/2010 establécense as seguintes liñas prioritarias de actuación para este contido:

- Identificación temperá de necesidades educativas específicas do alumnado.
- Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe.
- Proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais dos centros no que se refire aos apoios enunciados no punto anterior, de cara a avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- Asesoramento aos departamentos didácticos para que nas respectivas programacións se contemplen distintos niveis de dificultades que dean resposta á diversidade presente nas aulas.

- Establecemento de canles de coordinación entre orientadoras e orientadores dos centros de primaria e secundaria, de modo que se facilite o tránsito do alumnado entre etapas educativas.
- Propoñer medidas encamiñadas a diminuír o absentismo escolar e o abandono temperán dos estudo.
- A participación na elaboración e uso de protocolos para a prevención e control do absentismo escolar.
- Proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais dos centros no que se refire aos apoios enunciados no punto anterior, de cara a avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- Fomento do gusto pola lectura e do dominio dos recursos bibliográficos

Enténdense, como accións prioritarias, aquelas que dean resposta aos obxectivos específicos para a atención á diversidade sinalados nesta programación e que foron detectados na memoria do curso pasado.

#### ACCIÓNS A REALIZAR NO 1º TRIMESTRE

---

##### XERAIS:

1. Asesoramento na definición dos criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios.
2. Renovar o asesoramento aos departamentos didácticos respecto das medidas de atención á diversidade, especialmente dos programas específicos personalizados. Así como na elaboración das programacións didácticas e medidas de atención á diversidade
3. Fomentar que o profesorado elabore plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2021-22, así como a implantación de plans específicos de ESO para alumnado sen materias sen superar.

4. Organización das medidas organizativas de atención á diversidade previstas para o curso escolar segunda a Programación Xeral Anual: informes, solicitudes etc..
5. Asesoramento aos departamentos para a redacción das programacións tendo en conta as características do alumnado con NEAE
6. Orientación na organización dos grupo-clase que garanta a heteroxeneidade, distribuíndo ó alumnado con dificultades de aprendizaxe.
7. Preparación e desenvolvemento da avaliación inicial

O departamento de orientación, en colaboración co profesorado titor, coordinarán a análise da información do alumnado:

- No caso do alumnado de novo ingreso: analizarase o Informe de Avaliación Individualizado do curso anterior así como as recomendacións sobre atención á diversidade alí recollidas. Tamén será de sumo interese as informacións que das reunións establecidas no mes de xuño coas titoras e departamento de orientación e os informes individualizados (así como calquera información complementaria dos centros de procedencia e dos servizos sociais.
- No caso do alumnado escolarizado en cursos anteriores no centro: analizarase o Informe de Individualizado cuberto polo profesorado do curso anterior, a opinión do mesmo no caso de continuar no centro; así como os informes de orientación e PT , que puidera haber.
- En calquera caso, proporcionarase ao profesorado unha ficha resumo do alumnado e das súas características psicopedagóxicas básicas que o departamento estime que deba coñecer o profesorado, co fin de que este adapte o proceso de ensino-aprendizaxe.

8. Posta en marcha das decisións de reforzo e apoio que se decidiran, a saber: reorganización dos grupos ou do alumnado na aula, reforzo educativo, adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, avaliación psicopedagóxica, intervención dos servizos sociais, plans de modificación de conduta, entrevistas familiares, etc.

Estas decisións consignarase nas actas de avaliación inicial. Potenciar a presenza do PT na aula ordinaria, sempre que se poidan garantir as medidas establecidas no plan de adaptación a situación COVID referidas a distancia física na aula.

9. Realización das oportunas avaliación psicopedagóxicas. É importante a avaliación de tres alumnos e alumnas de 2º da ESO, que quedaron pendentes do curso anterior.

10. Seguimento das tarefas de recuperación de pendentes, fomentando a seguinte orde:

- Os departamentos entregarán ás persoas titoras o calendario de entrega de traballos de recuperación
- As persoas titoras informarán ás familias
- Os departamentos informarán á persoa titora do alumnado que non está a entregar as tarefas de recuperación, co obxecto de devolver esta información ás familias.

11. Reunións:

- Reunión inicial coas familias, prestando especial atención ás de novo ingreso no centro. Neste curso retómanse as reunións forma presencial na última semana de setembro e primeira de outubro.
- Reunión cos servizos sociais, de cara a realizar o seguimento do alumnado en risco de abandono escolar, participando activamente na redacción dos protocolos de absentismo e colaborando no seguimento do alumnado e apoio ás familias.
- Celebración das reunións de titores e titoras, co xefe/a do departamento de orientación, co fin de facer o seguimento do alumnado con dificultades.
- Participación nas reunións coas familias que proceda.
- Celebración unha vez ó mes dunha reunión para a coordinación entre o distinto profesorado que imparte programas de atención á diversidade (PT, agrupamentos e programas de reforzo(exención)) e o profesorado das áreas instrumentais.

- Preparación da xunta de avaliación trimestral, acordando un xeito común eficiente para expoñer os resultados do grupo e para tomar decisións de mellora, prestando especial atención ó alumnado novo ou a aqueles grupos de maior complexidade.

12.Redacción e envío ás familias do informe cualitativo dos programas de reforzo e recuperación así como o informe de PT para xuntar ó boletín de cualificacións.

#### OUTRAS ESPECÍFICAS:

- Facilitar fichas para a recollida de información do alumnado.
- Asesorar aos profesores para a realización dos reforzos educativos e sobre a metodoloxía do traballo cooperativo, dinámicas de grupo, etc.
- Colaboración estreitamente cos departamentos didácticos que o desexen, en especial cos departamentos de lingua e matemáticas, no deseño de programacións didácticas que recollan as competencias básicas.
- Revisión e actualización dos recursos didácticos do departamento, en especial os materiais de apoio na aula. Facilitar materiais aos departamentos para a atención ao alumnado con NEAE.
- Asesoramento metodolóxico ao profesorado que imparten medidas de atención á diversidade.
- Reunión coas familias de alumnado con NEAE por regra xeral a través de vía telemática ou a través de chamada telefónica para informar da evolución do alumnado en apoio. Só en casos excepcionais algunha reunión presencial seguindo a normativa establecida segundo a situación sanitaria nese momento
- Reunión cos orientadores/PT e equipos directivos dos centros adscritos para revisar a transición da primaria á secundaria.
- Priorización, dentro do plan de acción tutorial, as TIC e a organización do estudio.



- Asesoramento e axuda ao profesorado que imparte os programas de reforzo nas materias instrumentais (Exención da 2º lingua estranxeira) en 1º e 2º e, especialmente, nos plans de recuperación e reforzo para o alumnado repetidor.

---

#### ACCIÓNS A REALIZAR NO 2º TRIMESTRE

1. Seguimento das medidas iniciadas no primeiro trimestre que deban ter continuidade neste trimestre.
2. Posta en práctica das medidas acordadas na xunta de avaliación.
3. Participación na celebración da CCP/ Claustro para o estudo xeral dos resultados académicos da primeira avaliación.
4. Levar a cabo as medidas de tránsito de primaria a secundaria: charla ó alumnado e entrega dun díptico informativo.

#### OUTRAS ESPECÍFICAS:

- Propoñer e coordinar as modificacións nos apoios segundo os resultados da primeira avaliación.
- Redactar a estratexia do plan de transición de primaria á secundaria.
- Continuar co seguimento das medidas organizativas de atención á diversidade. Colaborar cos titores/as na revisión das ACS.
- Asesorar aos profesores para a realización dos reforzos educativos e sobre a metodoloxía do traballo cooperativo, dinámicas de grupo, etc.
- Presentar á CCP as melloras sobre a transición de primaria á secundaria.
- Preparar á xunta de avaliación

## ACCIÓN A REALIZAR NO 3º TRIMESTRE

1. Seguimento das medidas iniciadas no primeiro e no segundo trimestre que deban ter continuidade neste trimestre.
2. Participación na celebración da CCP/ Claustro para o estudo xeral dos resultados académicos da primeira avaliación.
3. Avaliación final das medidas de atención á diversidade do centro e establecer plans de mellora.
4. Levar a cabo as medidas de tránsito de primaria a secundaria: visita ó centro de secundaria do alumnado. Reunión para o traslado da información psicopedagóxica.
5. Participación na avaliación de diagnóstico, acordando os criterios de participación do alumnado con NEAE e NEE.
6. Redacción da memoria xeral anual do centro, na que consten as medidas de mellora para o curso próximo destinadas á atención á diversidade.
7. Cubrir o DRD Orienta.

### OUTRAS ESPECÍFICAS:

- Proponer e coordinar as modificacións nos apoios segundo os resultados da segunda avaliación.
- Entregar a documentación correspondente ás medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que se pretendan poñer en marcha o próximo curso, explicando e participando na súa cumprimentación.
- Asesoramento individual a alumnos e familias en grave risco de abandono escolar.
- Intensificar á orientación vocacional adaptada ó alumnado con NEAE
- Introducir as melloras con respecto a transición da primaria á secundaria no Proxecto Educativo de Centro.

## 4.1.2. PROGRAMACIÓN AULA DE PT e PLAND E CONTIXENCIA COVID

Anexo 1e Anexo 2 desta programación

## 4. 2 PLAN DE APOIO Á ACCIÓN TITORIAL

---

### ACCIONES PRIORITARIAS

---

Con carácter xeral, e de acordo coa Circular 10 , establécense as seguintes liñas prioritarias de actuación para este contido:

- Colaboración na análise das necesidades do profesorado titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción titorial, así como asesoramento aos equipos e ao profesorado individual.
- Aspectos organizativos e de xestión da acción titorial, entre outros, criterios para a adjudicación das titorías, establecemento de mecanismos de coordinación entre equipos docentes, entre o profesorado titor e o departamento de orientación e demais profesorado do centro.
- Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.
- *Programa de apoio socioemocional por COVID-19* a todo o alumnado a través das titorías e o desenvolvemento de o desenvolvemento do *programa psicoeducativo de postemergencia* en centros educativos deseñado polo COP de Galicia
- Deseño de iniciativas que potencien a temática da educación afectivo-sexual, de coñecemento do corpo e da saúde en todas as situacións e en escila na situación sanitaria na que nos atopamos
- Deseño de propostas que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro.

Enténdense, como accións prioritarias, aquelas que den resposta aos obxectivos específicos para a acción titorial sinalados nesta programación e que foron detectados na memoria do curso pasado.

---

## ACTUACIÓNS A REALIZAR NO PRIMEIRO TRIMESTRE

Para este trimestre empregárase de [base o programa de acollida de apoio sociomocional](#) por covid de Monica Diz e o “Programa Psico educativo para postemerxencia en centros educativos” editado polo Colexio De Psicoloxía de Galicia .

1. Actividades de acollida de titores/as para asesorar, traballar e desenvolver o PAT para o grupo de alumnos (plan de acollida, avaliación...) .
2. Entregar ós titores/as o material para a sesións de acollida socioemocional do alumnado establecidas segundo o Plan de Acollida e para a (coñecemento do grupo, ficha de recollida de datos do alumnado, redacción das normas de clase, preparación de elección de delegado)
3. Asesoramento e colaboración co profesorado nas accións puntuais e imprevistas relacionadas co desenvolvemento da función titorial (entrevistas a familias, resolución de conflitos..)
4. Participación nos contactos telefónicos e posibles reunións de acollida as familias con participación dos titores, informando das funcións do departamento e os seus integrantes.
5. Contacto do departamento de orientación con distintos organismos e institucións que poidan colaborar no desenvolvemento das sesións de titoría.
6. Participación nas xuntas de avaliación, impulsando a reflexión e as propostas de mellora
7. Coordinación, xunto coa xefatura os programas educativos previstos para o primeiro trimestre.
8. Colaboración na avaliación continua da acción titorial, deseñando cuestionarios e valorando os aspectos positivos e negativos dos programas.

---

## ACTUACIÓNS A REALIZAR NO SEGUNDO TRIMESTRE

1. Colaboración co profesorado na reflexión e valoración dos resultados da primeira avaliación.

2. Entregado material correspondente ao cartafol do titor e entregala, tamén con contidos de autoconhecimento e toma de decisións.
3. Intervención directa nas clases nos casos de actuacións de desenvolvemento persoal do alumno ou calquera outro aspecto no que se considere que a intervención directa é beneficiosa ou que así se decidise no PAT.

---

#### ACTUACIÓNS A REALIZAR NO TERCEIRO TRIMESTRE

1. Colaborar cos titores na reflexión sobre os resultados da 2ª e 3ª avaliación.
2. Avaliación as reunións mensuais dos titores de ámbitos e titores dos grupos de diversificación.
3. Completar e entregar o material restante pertencente ao cartafol de titoría.
4. Participación e proporcionar materiais para a avaliación da acción titorial.
5. Colaboración na avaliación dos programas desenvolvidos
6. Asesoramento á hora de cubrir as propostas de incorporación ao PMAR( o curso vindeiro PDC, segundo o desenvolvemento da nova normativa), FP básica ou calquera outra da que se requira axuda.

#### PROGRAMAS:

---

Priorízanse os seguintes programas:

- “Programa Psico educativo para postemerxencia en centros educativos” editado polo Colexio De Psicoloxía de Galicia .
- Programa Socio emocional por COVID
- Obradoiro de educación afectivo sexual e diversidade sexual no 2º, 3º e 4º ESO, contando coa colaboración da matrona de CEE, a asociación Quérote e SENES
- Obradoiros de Resolución de Conflitos e de Educación Emocional en 1º e 2º en colaboración con ALICCE, dentro da liña EMOCION-T e EDU Saúde

- Obradoiro de igualdade e diversidade sexual 3º e 4º impartidos por ALICCE, SENES e ARELAS
- Programa de Fomento de Igualdade e Prevención de Violencia no noivado, liña de formación este ano para o alumnado axudante entre outras dentro da IGUAL-T do contrato programa, en colaboración coa área de igualdade do CONCELLO
- Realización do taller de Prevención do Consumo de Drogas en Adolescentes Atendendo ó artigo 19 da Lei 4/2011 do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, o departamento de orientación ten elaborado:
- Un programa de habilidades sociais e material de reflexión dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. **Ver anexo II.**
- Un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. **Ver anexo III.**

Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

#### 4.3 PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL

---

##### ACCIÓNES PRIORITARIAS

---

Con carácter xeral, e de acordo coa Circular 10 /2010 establécense as seguintes liñas prioritarias de actuación para este contido:

- Establecemento de accións específicas dirixidas a reducir as desigualdades derivadas de condicionantes de xénero, lugar de residencia, orixe, etc.
- Actuacións que fomenten a igualdade no acceso á formación profesional.

- A promoción de accións de colaboración, especialmente as relacionadas coa igualdade no acceso ás referidas ensinanzas, entre os servizos de orientación dos centros educativos e os de ámbito laboral, por zonas educativas ou comarcas.
- Actuacións relacionadas co fomento da cultura emprendedora e o Autoemprego a través de accións nas diferentes áreas, módulos e materias do currículo cun tratamento transversal.

Enténdense, como accións prioritarias, aquelas que dean resposta ós obxectivos específicos para orientación vocacional sinalados nesta programación e que foron detectados na memoria do curso pasado.

#### ACTUACIÓNS A REALIZAR NO PRIMEIRO TRIMESTRE.

1. Reunión inicial cos titores/as para comezar a desenvolver as actividades propostas no POAP para os diferentes cursos, proporcionando materias atractivos, tamén en formato dixital.
2. Creación en Aula Virtuale /ou EDIXGALclases para o desenvolvemento do POAP en todos os cursos tendo en conta os diferentes escenarios segundo a situación sanitaria de cada momento
3. Estar ao tanto dos cambios legislativos que afecten ós itinerarios académico-profesionais.
4. Poñerse en contacto cos orientadores ocupacionais, servizos de emprego do Concello e do Observatorio Ocupacional, para actualizar os datos sobre as saídas laborais posibles.
5. Establecer contacto co concello para coñecer as posibilidades de formación e emprego que ten o alumnado con risco de abandono escolar ou que rematará unha etapa educativa neste curso.
6. Asesorar individualmente ao alumnado que o solicite, especialmente ao alumnado en grave risco de abandono escolar.
7. Enviar aos departamentos didácticos estratexias e claves para introducir a orientación profesional e académica nas distintas programacións.

---

#### ACTUACIÓNS A REALIZAR NO SEGUNDO TRIMESTRE.

1. Asesorar ao profesorado para traballar con programas informáticos de orientación vocacional (ORIENTA 2021-22) e outras páxinas web.
2. Aplicar test estandarizados de preferencias profesionais nas aulas.
3. Asesorar ao alumnado que cumpra os requisitos de idade sobre as probas de acceso aos ciclos formativos.
4. Seguimento e apoio máis específico cos titores que teñan alumnos con NEAE e posta en contacto con asociacións para a inserción laboral.
5. Diseñar e entregar unha folla de recolleita de preferencias do bacharelato e de FP e levar a cabo as charlas presenciais de acceso á FP e do acceso ós bacharelatos.
6. Comezar as charlas en 3º de ESO e en 4º sobre orientación vocacional e cultura emprendedora. Propoñer actividades en 2º e 3º sobre autoconecemento.
7. Atender ás demandas individuais do alumnado.
8. Realizar, se a situación sanitaria o permite, unha saída de orientación profesional co alumnado de 3º e 4º de ESO, co obxecto de coñecer de primeira man a oferta de ciclos formativos, bacharelatos e centros residenciais ós que poder acudir ó finalizar a etapa. E promover a participación en diferentes actividades online promovidas por institutos de bacharelato e FP, así como os diferentes campus do alumnado de 3º e 4º.
8. Propoñer á CCP o deseño de guías de orientación e de elección de materias no 2º e 3º de ESO, co fin de que sexan compartidas polo profesorado, teñan unha redacción equilibrada e maior coherencia interna. Ditas guías estarán colgadas polos diferentes canles telemáticos

---

#### ACTUACIÓNS A REALIZAR NO TERCEIRO TRIMESTRE.

1. Continuar coas intervencións grupais co alumnado, especialmente cos que rematan unha etapa educativa.



2. Primar o asesoramento referido á optatividade, especialmente ós que se vaian a incorporar aos itinerarios de 3º e 4º ESO. Redactar e repartir a guía de orientación para cada curso, co visto bo da CCP.
3. Realizar charlas online para as familias, implicando ós titores/as.
4. Atender e asesorar individualmente a todos os alumnos que presenten un maior grado de incerteza, especialmente ó alumnado con NEAE.
5. Atender ao alumnado con grave risco de abandono escolar e facilitar ao profesorado, ás familias e ao propio alumnado a información correspondente ás súas posibilidades académicas e laborais.
6. Poñerse en contacto cos centros do entorno que imparten FP básica, educación de adultos, e Ciclos formativos para coordinar a actuación de incorporación de alumnado e valorar unha visita previa a eles

#### 4.4 COLABORACIÓN AO CENTRO NO DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN, INVESTIGACIÓN E FORMACIÓN

---

##### ACCIÓNS PRIORITARIAS

---

Con carácter xeral, e de acordo coa Circular 10/ 2010 establécense as seguintes liñas prioritarias de actuación para este contido:

- Colaboración na diagnose sobre o estado da convivencia no centro enbase á información ofertada polos distintos sectores da comunidade educativa e proposta de medidas que redunden na mellora da mesma: dinamización da xunta de delegados, mediación escolar, negociación das normas de convivencia, titorización entre iguais. Así mesmo

,asesoramento na elaboración, seguimento e avaliación de plans de mellora da convivencia.

- Asesoramento e colaboración, no ámbito das súas competencias, na elaboración do proxecto educativo.
- Colaboración na detección de necesidades de formación permanente do profesorado do centro e dinamización da participación dos equipos docentes en proxectos e programas de innovación.
- Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.
- Dinamización das canles de comunicación entre familias e escola, da implicación activa das familias nos órganos de participación do centro e as Asociacións de Nais e Pais do Alumnado.

Enténdense, como accións prioritarias, aquelas que dean resposta aos obxectivos específicos para a investigación, innovación e formación, sinalados nesta programación e que foron detectados na memoria do curso pasado.

A nivel xeral neste apartado destacar o material de educación emocional no 2º ESO e introdución os contidos referentes a igualdade e prevención da violencia no noivado e ferramentas de xestión emocional para a situación de alerta sanitaria na que se atopan. É importante ampliar esta temática a todo o alumnado a través da *LIÑA EDUEMOCIONA DO CONTRATO-PROGRAMA* e o desenvolvemento dun programa de apoio socioemocional por COVID-19 a todo o alumnado a través das titorías.

O fomento e desenvolvemento da recente COMISIÓN DE IGUALDADE, a través da LIÑA DE Igualat-e así como a utilización de plataformas telemáticas a través da participación en actividades organizadas polo CFR ( *E-DIXGAL avanzado; e Aproveitamento didáctico das ferramentas institucionais para o ensino mixto* ), seguindo as medidas recollidas no plan de

continxencia do centro para adaptación as situacións de ensino presencial, semipresencial o a distancia, tendo en conta os diferentes escenarios en función da situación sanitaria.

En concreto, o departamento liderará as seguintes actuacións e obxectivos.

**1. Proxecto de Alumnado Axudante.** Asesorar na implantación de novas prácticas de Aprendizaxe e Servizo Solidario e consolidar as existentes a saber; Fistera Doa, Alumnado Axudante: apoio emocional, apoio lúdico e apoio educativo

- Coordinación xeral dos centros agrupados
- Asesoramento sobre as fases metodolóxicas do aprendizaxe e servizo
- Participación na selección e formación do alumnado
- Seguimento xeral das actuacións
- Avaliación das medidas implantadas e presentación ao centro
- Temporalización:
  - Alumnado axudante : selección e formación: 2º trimestre; posta en práctica no 3º trimestre. Formación do xa seleccionado a partir do 2º trimestre.
  - Fistera Doa, terceiro trimestre.
  - Alumnado axudante: 2º e 3º trimestre
  - Participación no club de ciencia.

**2. Contrato-Programa liñas IGUAL-T e EDUEMOCION-T así como EDU Saúde**

**3. Plan de Convivencia:**

- Educación emocional: Impartir directamente o orientador unha materia de libre configuración de centro, a saber: “Intelixencia emocional e para a creatividade” no grupo de 2ºESO
  - Temporalización das actividades: curso académico
- Impartir os programas de Apoio a situación de COVID-19 e o programa psicoeducativo postemergencia.

- Desenvolver a recente COMISIÓN DE IGUALDADE e as accións priori , incrementando a formación do alumnado e profesorado nesta área e promocionando diversas actividades que potencien a igualdade, a non discriminación e a prevención da violencia en relacións de noivado e amizade.

## 5 .ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

Este plan de Apoio basearase nos principios de interactividade e de construtivismo que orientan a Reforma Educativa. Iso supón conceder unha notoriedade destacada ao papel activo do alumno na construción do seu coñecemento, así como ao fomento do traballo en equipo e de diversos tipos de agrupamentos no aula, tanto en pequenos grupos como en gran grupo.

Esta metodoloxía implicará tanto á comunidade educativa como ás distintas institucións da contorna do centro, con accións de carácter global- holístico que repercutan nunha mellora de todos os elementos do proceso educativo.

A acción orientadora desenvolverase a través de programas ( segundo o noso modelo xa citado), que na súa maioría estarán integrados nas diferentes áreas curriculares e tamén serán desenvolvidos nas horas de titorías, para conseguir os obxectivos propostos.

Técnicas: charlas informativas, conferencias, coloquios, debates, visitas a empresas e organismos, dinámicas de grupos, mesas redondas, panel, estudo de casos, parrillas de observación, xornadas, utilización de fontes documentais ( biblioteca, arquivos...), entrevistas, etc.

*Este curso é importante fomentar o emprego de via telemática para as actuacións do departamento de orientación tendo en conta a todos os destinatarios adaptando o desenvolvemento do mesmo o ensino presencial, semipresencial ou a distancia segundo a situación sanitaria.*

## 6. RECURSOS

### 6.1. RECURSOS PERSOAIS E ORGANIZATIVOS

---

Para o desenvolvemento do Plan contarase co alumnado, cos pais e nais dos alumnos e con todo o persoal docente e non docente dos Centros, CFR, etc.. A responsabilidade maior recaerá nos titores/as, membros do departamento de orientación e Equipo Directivo.

Por outra banda buscarase a colaboración dos servizos educativos municipais, Servizos Sociais, Sanidade, organismos relacionados cos temas transversais (ONGs e asociacións), institucións relacionadas co mundo do emprego (Cámara de Comercio, Sindicatos Laborais, Orientadores ocupacionais..), institucións relacionadas coa discapacidade (ONCE, SILPES, ASPADEX ...) así como dos representantes municipais e aqueloutros axentes que poidan prestar a súa colaboración. Para o desenvolvemento das actuacións do departamento e dos programas impulsarase o traballo en equipo e a coordinación docente. O seguimento realizarase principalmente a través das reunións citadas no punto 2.4

### 6.2. RECURSOS MATERIAIS:

---

Todos aqueles materiais dispoñibles no Centro, tanto a nivel funxible como non funxible, os materiais existentes no departamento de orientación e aqueles que desde o mesmo pódanse adquirir, materiais de tipo informativo e ata didáctico que poidan facilitar outras institucións da contorna: folletos informativos do Concello, Universidades, FP, Empresas da zona, etc. Promoverase a utilización de recursos vinculados ás tecnoloxías da información e da

comunicación, e programas de asesoramento informático: ORIENTA, SIIP, SIOP, SINERA, SAAV de Rivas e outros.

## 7. TEMPORALIZACIÓN

As actividades presentadas no Plan desenvolveranse ao longo do actual curso académico, segundo a temporalización establecida con carácter trimestral en cada un dos contidos do mesmo. Teranse en conta as necesidades que se vaian presentando, polo que se pode dicir que teñen unha visión temporal flexible atendendo a unha revisión constante das actuacións programadas.

## 8. AVALIACIÓN

Os datos da avaliación recolleránsena memoria final anual, e debe constituír un elemento para a reflexión que contribúa ó perfeccionamento profesional e, en último termo, a lograr os obxectivos educativos establecidos con carácter xeral. Basearémonos no modelo CIPP de Stufflebean para o desenvolvemento da avaliación.

A avaliación será entendida como proceso sistemático de recollida de información válida e fiable, dirixida a tomar decisións para permitir unha mellor resposta educativa. As conclusións recolleranse na memorial final. Esta avaliación será continua, formativa e criterial:

- Inicial: Detectando o punto de partida para axustar a intervención e previr, recollendo datos para a detección de necesidades realizada a través de: as suxestións achegadas nas reunións do DO, da CCP, dos Departamentos Didácticos, das memorias e documentos programáticos ou aplicando distintos instrumentos.
- Procesual: o desenvolvemento da actividade orientadora será obxecto dunha avaliación continua de carácter formativo, a través tanto das reunións prescritas na lexislación, como de reunións extraordinarias, co obxecto de favorecer a introdución das modificacións necesarias,

se fose o caso.

- Final: a valoración global das accións realizadas reflectirase nunha memoria final, na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as conclusións e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Adecuación ao contexto, aos recursos e ás finalidades. Funcionalidade das medidas e relevancia das medidas.

Coherencia entre o plan previsto e as medidas postas en práctica

Suficiencia alcanzada tanto en calidade como en cantidade en función do vos mínimos considerados desexables.

Grao de participación e de satisfacción dos axentes implicados, co desenvolvemento do proceso e resultados desde o esforzo realizado e as expectativas iniciais.

Grao de adecuación e aproveitamento dos recursos e materiais.

Síntese da intervención na CCP e outros órganos de coordinación docente: nivel de cumprimento do calendario de reunións, nivel de participación e colaboración na CCP, documentos elaborados, etc.

Nivel de cumprimento do calendario de reunións, nivel de participación e colaboración na CCP, documentos elaborados, etc.

\* Os criterios de avaliación das actuacións do departamento referidas ó contrato-programa, o plan de atención á diversidade e o plan de convivencia, constan e forman parte da avaliación dos respectivos plans de centro.

En relación aos **INSTRUMENTOS** de avaliación empregaremos unha metodoloxía mixta: Observación participante e sistemática, entrevistas abertas e semiabertas, cuestionarios tanto para a avaliación do Plan como para a avaliación da función orientadora e dos programas

desenvolvidos, análise de documentos: expedientes, documentos do propio centro, etc . Debates e reunións co profesorado, alumnado e familias.

## 9. PROPOSTAS DE MELLORA CONTINUA DA CALIDADE

As propostas de mellora continua da calidade deberán recollerse na **Memoria final do Departamento** e serán tomados en consideración para a definición de accións prioritarias para o vindeiro curso. Así tamén, a avaliación continua deste plan, o impulso da participación do alumnado e das súas familias na vida do centro, considerase un garante da mellora continua da calidade.

### ANEXO I- PROGRAMACIÓN DA AULA DE PT PARA O CURSO 2021-22 PEDRO ROMERO LAGO

#### INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación xeral da aula de Pedagogía Terapéutica está elaborada a partir dunha AVALIACIÓN XERAL DE NECESIDADES partindo das características e necesidades dos alumnos e contando coas valoracións do profesorado, así coma dos informes do Departamento de Orientación e as propias valoracións extraídas tras a avaliación inicial, incidindo na obtención da información sobre o grado de desenvolvemento das competencias clave.

Á vista das características que presenta os alumnos podemos concretar as súas NEAE.

1. Alumnado de 1º nivel da E.S.O: desenvolvemento do particulares, para diminuír a súa problemática curricular en todas as áreas da aprendizaxe, con maior adición ás áreas instrumentais. Educación da atención, concentración e motivación. Mellora da súa socialización cos iguais.
2. Alumnado de 2º y 3º nivel da E.S.O: desenvolvemento da súa Adaptacións Curriculares particulares, para diminuír a súa problemática curricular nas áreas instrumentais. Educación da



atención, concentración e motivación. Déficit no compromiso e interese polo proceso de ensino e aprendizaxe.

Ao longo do curso, o alumnado pode variar debido a novas incorporación ou a cambios nas súas necesidades

### COMPETENCIAS CLAVE

Tal e como se dispón no artigo 3 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as 7 competencias clave do currículo son:

1ª	(CCL)	Comunicación lingüística.	Refírese ao dominio de destrezas comunicativas en diferentes rexistros, con capacidade de comprensión crítica en todos os soportes.
2ª	(CMCT)	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.	Destrezas relacionadas coa iniciativa científica, co desenvolvemento do espírito de investigación e co uso dos números como linguaxe nos diversos soportes.
3ª	(CD)	Competencia dixital.	Dominio das novas tecnoloxías, a seguridade na rede e á valoración crítica do seu impacto na sociedade.
4ª	(CAA)	Aprender a aprender.	Habilidades relacionadas co tratamento de textos, realización de esquema, capacidades de resumen e valoración da aprendizaxe como ferramenta social.
5ª	(CSC)	Competencias sociais e cívicas.	Relacionada cos coñecementos das institucións, o desenvolvemento de valores críticos e á adquisición de destrezas de análise social empregando diferentes medios e soportes.
6ª	(CSIEE)	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	Este é un dos aspectos nos que máis fincapé fai a LOMCE. Auna elementos de desenvolvemento da autonomía persoal, coñecementos do mundo económico e valoración do entorno social e empresarial.
7ª	(CCEC)	Conciencia e expresións culturais.	Engloba coñecementos sobre a cultura propia e axena, o respecto polas diferenzas e a valoración da interculturalidade na nosa sociedade.

As Competencias son definidas como capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Traballaremos con todas elas, facendo especial fincapé naquelas nas que o alumnado teña máis

dificultades.

### **OBXECTIVOS XERAIS**

- Atender de forma individualizada ás necesidades específicas de apoio educativo dos alumnos que o precisen.
- Reforzar e apoiar os procesos de aprendizaxe dos alumnos con atrasos importantes. Considerándose de atención preferente a adquisición dos aprendizaxes instrumentais.
- Colaborar co resto de profesionais (orientadora, profesorado, equipo directivo) na prevención, detección e valoración das dificultades de aprendizaxe.
- Participar de xeito continuo e coordinado co departamento de orientación e o equipo educativo na toma de decisións sobre as medidas de adecuación curricular necesarias na atención ás dificultades existentes.
- Realizar actividades de apoio educativo co alumnado con NEAE participando no seguimento e avaliación dos procesos de adecuación curricular.
- Clasificar, investigar e elaborar materiais adaptados ós alumnos con dificultades.
- Apoiar aos alumnos, profesores, equipo directivo e orientadora nas diferentes actividades desenvolvidas no Centro.
- Comunicar e coordinar liñas de actuación coas familias e servizos de apoio externos para garantir o intercambio de información necesario para a axeitada atención á diversidade.

### **MODALIDADE DE APOIO**

Segundo a Orde de 27 de decembro de 2002 (*aínda que quedará derrogada pola orde do 6 de setembro do 2021, que desenvolve o decreto 229/2011, pasando a seguir o establecido no art. 57 da citada nova orde en canto se publique no DOGA*) pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con NEAE, os apoios ao alumnado levaranse a cabo normalmente dentro da aula ordinaria e só fora delas en casos excepcionais que estean previstos nas Adaptacións Curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

Dada a necesidade de intervención individualizada que presentan o alumnado que atendo, recibirán apoios dentro da aula ordinaria na maioría dos casos. Destacando:

1º ESO apoio en aula unha hora en matemáticas, LC e LG centrado en 3 alumnos, dous de nova incorporación, unha con posible ACS e un alumno repetidor. Tamén o PT dará unha hora de apoio de exención

2º da ESO, destaca a docencia directa do agrupamento flexible en matemáticas como forma de aproveitar recursos; xa que todo o alumnado que acude a dito agrupamento ten NEAE asociadas a dificultades de comprensión , aínda que tres de eses alumnos están aínda pendentes de valoración psicopedagóxica e unha de elas acudirá ao agrupamento como parte dunha intervención para mellorar a súa confianza e previr posibles dificultades.

Ademais destaca o apoio ao alumnado con ACS en matemáticas, dentro ou fóra se fóra necesario, aínda que se decidiu que están no agrupamento xa que con axuda poden beneficiarse do ritmo e forma de traballo do grupo-aula.

Ademais recibirán apoio en Linguas as catro alumnos que etán exentos de francés.

Destaca ademais apoio en aula en FQ,XH e Tecnoloxía debido a casuística de dificultades do grupo-clase.

En 3º da ESO destaca o apoio fóra da aula dun alumno con Multideficiencia e ACS en case todas as materias, na aula de Pedagogía Terapéutica, sen exceder un terzo da xornada escolar.

#### **HORARIO DO MESTRE DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
1ª SESIÓN	Garda aula	Mat 2 º ESO		Mat. 2ºESO	Activ- Extraescolares
2ª SESIÓN	Reforzo mat 1º ESO	At. familias		MAT- 1º ESO	LG 1º ESO
3ª SESIÓN		LG 3º ESO		Tecnol 3º ESO	LC 3º ESO
4ª SESIÓN	MAT 2º ESO		BIOL. 3º ESO	CUCA 3º ESO	MAT- 2º ESO
5ª SESIÓN	FQ2º ESO		TECNOL. 2º ESO	MAT 3º ESO	MAT 3º ESO
6ª SESIÓN	XH 3ºESO		MAT. 2º ESO	LG4ºESO	

## ESTRATEGIAS DIDÁCTICAS

A aprendizaxe é unha construción persoal que realiza o alumno, que aporta o seu interese e dispoñibilidade, os seus coñecementos previos e a súa experiencia. Sendo a nosa tarefa unha intervención axustada nos procesos e nas dificultades que o alumno manifesta, á vez que apoia e prevé unha actuación cada vez máis autónoma deste.

Entre as estrategias de aprendizaxe que empregarei están: partir dos coñecementos previos dos alumnos; adecuar a linguaxe ao nivel de comprensión dos alumnos; instrucións claras e sinxelas; facilitar unha aprendizaxe significativa e vivencial; seleccionar técnicas e estrategias metodolóxicas variadas, que axuden a todos os alumnos, dando prioridade a técnicas e estrategias que favorezan a experiencia e reflexión (descubrimiento guiado), diversificar a motivación para estimular as aprendizaxes; partir do concreto, do próximo e habitual; utilizar estrategias con forte motivación extrínseca, xunto con abundantes reforzos variados (apoio visual, apoio verbal...); adaptarse permanentemente ás características e necesidades do alumnado, axustándome ás diferentes capacidades, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe; favorecer na medida do posible, o tratamento globalizado ou interdisciplinar dos contidos de aprendizaxe; realizar estrategias que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión por parte dos alumnos; realizar un seguimento individual do alumno, analizando o seu proceso educativo, recoñecendo os seus avances, revisando con frecuencia o seu traballo, etc; flexibilizar tempos e tarefas; propiciar a aprendizaxe activa, dando aos alumnos a posibilidade de traballar con obxectos reais e que poida obter información doutras formas distintas ó texto escrito; deixarlles máis tempo pero, progresivamente, ir pedindo maior velocidade nas súas realizacións; favorecer o aprender a aprender; fomentar a comprensión; potenciar o uso de distintos materiais e recursos, traballando coas novas tecnoloxías; ofertar oportunidades de éxito para favorecer a súa autoestima e confianza.

## RECURSOS

### Organizativos

Aula de PT, situada na primeiro andar. Moi ben acondicionada en canto á súa superficie, iluminación, ventilación e orientación.

Dependencias do centro

	O propio medio costeiro no que está situado o centro educativo.
<b>Persoais</b>	Alumnado Familias Equipo docente e orientadora Mestre especialista de Pedagogía Terapéutica Persoal de administración e servizos
<b>Materiais</b>	Ordenador, proxector, pantalla Dous encerados Libros de texto e lectura Cadernos Fichas complementarias Dvd e xogos didácticos Recursos en rede, conexión a internet Materiais psicopedagóxicos e logopédicos Materiais especificamente deseñados para o alumnado Materiais específicos de traballo de aula de elaboración propia, manipulativos, motivadores, sinxelos e axeitados ás súas características.

## **AVALIACIÓN**

Entendo a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensino e aprendizaxe. Polo tanto non se pode referir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo proceso educativo de forma global e sistemática; baseándonos nos criterios de avaliación como referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, xa que describen o que debemos valorar e o que o alumnado debe lograr en cada disciplina. Estes criterios de avaliación son especificados en estándares de aprendizaxe avaliáveis que permiten definir os resultados da aprendizaxe e concretan o que o alumando debe saber, comprender e saber facer

para cada unha das unidades. Así deben ser observables, medibles, avaliáveis e permitir graduar o nivel de logro acadado.

As funcións fundamentais da avaliación son:

- Diagnose: información sobre a marcha do desenvolvemento do currículo, alumnado e profesorado.
- Pronóstico: avance de expectativas sobre que pode acontecer, para previr e solucionar problemas.
- Adaptación: acomodación dos diferentes métodos e recursos aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos, con miras á máxima personalización do proceso educativo.
- Orientación: guía, paso a paso, do camiño que se debe seguir en cada momento do desenvolvemento curricular.
- Regulación: facilitación e harmonización de elementos persoais, materiais e funcionais para garantir o grao de eficacia do desenvolvemento do currículo.
- Control: certificación da calidade e cantidade dos logros obtidos

Os instrumentos de avaliación serán cualitativos, destacando os seguintes:

- Observación directa e sistemática por parte do profesorado implicado.
- Folla de rexistro diario de datos, onde se recollerá o traballado, (actividades, tarefas, dificultades, logros, ritmos)
- Entrevista cos pais/nais.

Será esencial a avaliación continua, a observación e a revisión constante das actuacións; procurando avaliar en positivo (as avaliacións adoitan recoller unha relación de todo o que non son capaces de facer).

A avaliación destes alumnos será sempre en coordinación cos profesores e o departamento de orientación, co fin de lograr fomentar o desenvolvemento das súas capacidades físicas, cognitivas, sociais e relacionais, e, o máis importante, lograr unha integración do alumno/a no clima da aula e a dinámica do centro.

As conclusións resultantes do proceso de avaliación serán recollidas na avaliacións trimestrais

nun informe individual para cada un dos alumnos.

### **AVALIACIÓN DO ALUMNADO:**

<b>PROCEDEMENTOS</b>
Consulta da documentación existente no centro
Reunións de coordinación coa xefa do departamento de orientación, titor de 1º e titora de 2º nivel e profesorado das disciplinas.
Observación directa e diaria dos traballos, comportamentos e actitudes
Entrevistas
Cuestionarios
Probas escritas
Probas de lectura
Listas de control
Escalas de estimación
Diarios
Fichas de observación
Rexistros consensuados de avaliación
Rúbricas
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>
Valoración da actitude, interese, esforzo, traballo persoal, participación individual e grupal, orde no seu traballo e consecución dos obxectivos marcados.
En particular: segundo as indicacións de cada unha das adaptacións curriculares.

### **AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:**

Non só debe avaliarse o proceso de aprendizaxe do alumno, senón tamén o proceso de ensino. Neste sentido, aos datos aportados pola avaliación continua dos alumnos será necesario engadir outros datos referentes á validez da programación das actividades de ensino deseñadas, dos

recursos utilizados, dos tempos e espazos previstos, do agrupamento de alumnos, dos criterios de avaliación aplicados e da propia actuación e metodoloxía do profesor.

A avaliación da intervención educativa debe ser continua, por tanto, convén tomar datos ao longo do proceso para facer os cambios adecuados no momento axeitado.

As conclusións máis relevantes desta avaliación serán recollidas na memoria final, coas propostas de mellora para o vindeiro curso.

#### **AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

- Cumpre co programado?
- Existe relación entre os obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave?
- Adecúase ás necesidades reais?
- Trata de forma integradora e equilibrada os obxectivos programados?
- A metodoloxía escollida contribúe a desenvolver os obxectivos da disciplina?
- A temporalización e os agrupamentos son adecuados?
- Existe relación directa cos outros plans e programacións do centro?
- Creouse un clima de coordinación axeitado?
- Apórtanse propostas de mellora no presente e vindeiro curso escolar?

#### **AVALIACIÓN DA ACCIÓN DIDÁCTICA**

- Metodoloxía axeitada?
- Temporalización axeitada?
- Recursos didácticos axeitados?
- Actividades que recollen as necesidades do alumnado?
- Flexibilidade na toma de decisións orixinada pola avaliación continuada?
- Coordinación suficiente co profesorado da disciplina?

#### **MARCO LEGAL**

A actuación da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica está reguladas polas seguintes disposicións legais:



- Orde do 6 de outubro de 1995, reguladora das adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de educación non universitaria con NEE
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. E a Orde 6 de setembro do 2021( pendente de publicación DOGA), que desenvolve o decreto.
- Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## ANEXO II PROGRAMA CONTINGENCIA COVID AULA DE PT -ENSINO VIRTUAL

### INTRODUCCIÓN

Todo centro debe desenvolver en previsión dunha situación de corentena ou confinamento, máis ou menos prolongado, que permita garantir a continuidade da formación e seguimento do alumnado, así como a súa avaliación nestas circunstancias. Este ensino a distancia será impartido polo profesorado ordinario de cada materia/módulo, quen utilizará as ferramentas corporativas postas a súa disposición polo centro e a propia consellería. A dirección será a responsable da súa elaboración e inclusión no “Plan de contingencia Covid-19” Esta situación, se non se coida en profundidade, vai favorecer o aumento das brechas no desenvolvemento dalgúns alumnos e, en especial, do alumnado con NEAE. Estes alumnos presentan dificultades maiores para acceder ó currículo xeral e requiren dunha intervención educativa que adapte os diferentes elementos da proposta curricular ás súas condicións particulares. É por isto que dende a área de PT preténdese poñer en marcha os recursos dos que se dispón para aproximarse a este alumnado. Queremos ofrecerlles prácticas educativas axustadas ás súas necesidades, para favorecer o progreso e a continuidade do proceso educativo.

**OBXECTIVO** Proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ó alumnado NEAE atendido na aula de PT en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo:

- A interacción entre alumnado e profesor
- A realización de tarefas

- A avaliación do progreso

### **POSIBLES DIFICULTADES A TER EN CONTA Á HORA DE POÑER EN MARCHA O PLAN DE ENSINO VIRTUAL.**

Á hora de deseñar este plan de ensino virtual observáronse certas dificultades derivadas das características do alumnado atendido na aula de PT.. Entre elas podemos citar:

- Efectividade das intervencións educativas nun medio virtual: non se pode observar directamente o desempeño do alumno/a e polo tanto ofrecer unha resposta axeitada. Ademais resulta dificultoso establecer un contexto afectivo que ofrezca confianza e seguridade.
- Nalgúns casos é posible que os alumnos teñan algunha dificultade para contar cos recursos TIC necesarios, acceso a un ordenador ou acceso a internet.
- Coordinación co profesorado/titor para o deseño das sesións: a nova situación supón unha carga extra de traballo para todo o profesorado o cal dificulta a comunicación entre os diferentes docentes. Non é o mesmo comunicarse co profesor titor na aula antes do comezo dunha sesión de intervención que coordinar esa tarefa fora de ese ámbito. Tendo en conta todas esas posibles barreiras que se poden atopar no desempeño do traballo do profesorado de PT, realizamos a seguinte proposta que é flexible e está aberta a cambios que se propicien no seu propio desenvolvemento.

### **PROPOSTA DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO CON NEAE**

- Desenvolvemento dun horario similar ao do ensino presencial, o chamado “**horario espello**”, empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais. O DO terá un horario espello propio, no que se asegura a debida atención do alumnado e as familias ou responsables legais, que pode consultarse na programación da aula de PT.
- Tanto o mestre PT como os estudantes cumprirán o “horario espello” a través das ferramentas dixitais corporativas da Consellería de Educación, de preferencia **aula virtual Moodle e aplicación Webex e/ou Falemos**. Para iso enviarase un correo cos horarios de conexión e realizaranse semanalmente as invitacións.
- **ALUMNADO REFORZO 1º, 2º e 3º ESO** Durante o período de suspensión da actividade presencial con este alumnado establecerase como canle de comunicación para as achegas de información específicas relativas á materia impartida, a aula virtual e o servizo E- Dixgal, preferentemente. No caso de que o material a empregar exceda a capacidade da aula virtual, empregarase o correo electrónico. Tódalas tarefas serán enviadas de xeito conxunto nunha única plataforma, para que poidan organizarse mellor. Realizaranse conexións semanais co alumnado que se atope en situación de confinamento a través das plataformas Webex e/ou Falemos Edu. Estas conexións terán como fin a explicación de contidos e resolución de dúbidas, ademais de para propiciar que os alumnos/as se sintan mais motivados, e a nivel emocional perciban mais de preto ó profesorado. Isto faise necesario xa que logo este alumnado é

propenso a desligarse da ensinanza non presencial xa que precisan dunha figura que os guíe en todo momento e aclare as súas dúbidas.

Seguirase para as conferencias as horas establecidas nos horarios espello anexos a este Plan. Este horario será o establecido para o presente curso en coordinación coa persoa titora, e poderá ser modificado en función das necesidades detectadas no momento.

Garantirase unha continua comunicación entre profesor titor e mestre de PT, mediante correo electrónico corporativo e/ou vídeo chamada ou outros medios centralizando as tarefas do alumnado de reforzo e filtrando así o traballo.

- **ALUMNADO PT 1º, 2º E 3º DE ESO con ACS** Este alumnado ten aprobadas ACS, e recibirá mediante os servizos dixitais educativos corporativos o mesmo número de horas lectivas de xeito online que de carácter presencial. Previamente e para tal fin, co alumnado que presenta maiores dificultades a nivel de manexo as TIC, levaranse a cabo actividades na aula de PT sobre manexo de plataformas virtuais e realización de tarefas a través do ordenador.

Tódalas tarefas serán enviadas de xeito conxunto nunha única plataforma virtual para que poidan organizarse mellor e canalizarse a través dun único profesor de referencia que lles axude a controlar se saben que tarefas deben facer cada semana de cada materia, se as fan correctamente ou teñen dúbidas, e se enviaron as que van realizando. Tamén se establecerá un horario diario de estudo, de presentación de traballos, revisión de correccións, preguntar, corrixir e reenviar os traballos.

Con este alumnado priorizaranse os contidos realmente necesarios, seleccionando os mais imprescindibles, e facendo adaptacións de carácter visual, empregando vías como os vídeos, o visual thinking, etc. Para chegar de mellor xeito ó alumnado. Adaptarase o traballo ó nivel de competencia curricular do alumnado

Tomarase ademais en consideración que a cantidade de tarefas non pode ser a mesma para este alumnado que si as clases foran presenciais, reducindo as tarefas por grao de significatividade.

Procurarase empregar as TIC no deseño e a elaboración de actividades de ensinanza – aprendizaxe e avaliación que favorezan a este alumnado.

Seguirase para as conferencias as horas establecidas nos horarios espello anexos a este Plan. Este horario será o establecido para o presente curso en coordinación coa persoa titora, e poderá ser modificado en función das necesidades detectadas no momento.

Existirá unha continua comunicación entre profesor titor e mestre de PT, así como de profesorado doutras áreas e alumnado, de xeito que se favoreza a fluidez do traballo e a centralización das actividades.

## ANEXO III. PROGRAMA PARA O ALUMNADO QUE INCURRA EN CONDUCTAS DISRUPTIVAS

(RESUMO. VER PROGRAMA COMPLETO NO PLAN DE CONVIVENCIA)

### OBXECTIVO XERAL

---

1. Dotar ó centro dunha ferramenta mais de xestión pacífica dos conflitos, integrada nos plans e nas dinámicas do mesmo.
2. Ensinar os participantes do curso de mediación estratexias e habilidades necesarias para desenvolver a mediación en conflitos, fomentando un bo clima socioafectivo entre as persoas que participen.

### CONTIDOS E ACTIVIDADES

---

- Introducción ao conflito
- A axuda entre iguais. Concepto de axuda e valores.
- Que é un conflito? Educar no conflito.
- Estilos de afrontamento do conflito: agresivo, asertivo e pasivo.
- Tipos de conflitos.
- Percepcións.
- Habilidades de comunicación.
- Concepto de comunicación.
- Obstáculos para unha comunicación eficaz.
- Tipos de comunicación:
- Comunicación verbal.
- Comunicación non verbal: espazos, postura, orientación, ton e volume de voz, xestos...
- escoita activa.
- As mensaxes en primeira persoa.
- Alfabetización emocional. O control da ira e outros sentimentos negativos
- Asertividade e empatía

- Expresión de emocións e sentimentos.
- Que é a mediación? Figura do mediador: funcións e compromisos.
- Proceso de mediación e as súas fases.
- Mediación en acción: protocolo de actuación.
- Formación do alumnado mediador
- Fases da implantación do servizo de mediación escolar

## METODOLOXÍA

---

A metodoloxía ha de ser activa e participativa asegurando que o alumnado sexa responsables do seu propio proceso de aprendizaxe e involúcrese directamente nas actividades. Por iso é recomendable que o grupo non sexa numeroso.

Os contidos transmítense a través das seguintes técnicas:

- Dinámicas para constituír grupo: de presentación, de coñecemento e de cohesión dos grupos.
- Outras dinámicas de grupos: choiva de ideas, traballo en pequenos grupos, posta en común, elaboración de conclusións, etc.
- Actividades de cooperación.
- Creación e elaboración das súas propios materiais: carteis, logos, lemas, solicitudes, dípticos, contos...
- Simulacros ou dramatizacións.

O uso das novas tecnoloxías, medios audiovisuais e outros recursos semellantes son un apoio para a posta en práctica desta metodoloxía, por exemplo, gravación de dramatizacións, preparación de montaxes audiovisuais, etc.

Todas estas técnicas confiren un carácter atractivo e próximo asegurando tanto a motivación como a asimilación fluída dos contidos e, ademais, favorecen tanto a cohesión do grupo como o bo clima de traballo. Este enfoque debe ir acompañado dunha reflexión sobre a intencionalidade destas actividades e unha posta en común final rigorosa.

Todo o exposto ata agora en canto á metodoloxía se complementa coas exposicións maxistras necesarias para introducir, clarificar e transmitir contidos. é preferible non traballar os contidos de forma illada, senón como habilidades necesarias para desenvolver cada unha das fases da

mediación.

#### ANEXO IV. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS PARA O ALUMNADO PRIVADO TEMPORALMENTE DO DEREITO DE ASISTENCIA

##### Obxectivos:

1. Ofrecer unha resposta educativa ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, deba ser privado de asistencia durante determinadas horas, materias ou días.
2. Propiar materiais que lle permitan ao alumnado distanciarse do foco do conflito, afondar no autocoñecemento e conseguir o tempo necesario para poder axudarlle a reflexionar e a buscar posibles solucións.

##### Contidos:

- Autoconcepto e autoestima
- Estilos de afrontamiento do conflito: agresivo, asertivo e pasivo.
- As percepcións nun conflito.
- Asertividade.
- Habilidades de comunicación.
- Obstáculos para unha comunicación eficaz.
- Comunicación verbal.
- Comunicación non verbal: espazos, postura, orientación, ton e volume de voz, xestos..
- As mensaxes en primeira persoa.
- Expresión de emocións e sentimentos.
- Itinerarios académico-profesionais ó rematar a ESO ou ó abandonar esta etapa.

##### Metodoloxía:

Fichas a cubrir durante a privación do dereito de asistencia o na Aula de Convivencia. Revisaránse á volta co alumno/a por parte do orientador ou a persoa dinamizadora da convivencia, co obxecto de estimular a reflexión, axudar na toma de decisións e facer o oportuno seguimento.

Recursos:

- Material elaborado polo departamento con título: “materiais para a aula de convivencia”
- A Empatía, Zerbikas 2013

Conformes coa programación, asinan:

M<sup>a</sup> Isabel Ulla Cela

Pedro Romero Lago

Xefe do Departamento de Orientación

Mestre de PT

Cristina De la Rosa Pascual

Mercedes Rodríguez Fraga

Profesora de Música e dinamizadora de la convivencia

Profesora de LC

Titora de 3º ESO

Titora de 1º ESO